


*Unidade didáctica para Educación Infantil e Primaria*



FEP Fundación Eduardo Pondal

fep

**ACTIVIDADES:**

MARÍA BARCA GÓMEZ

MARTA BARCA GÓMEZ

ALEJANDRA CAMPO PENÍN

MARÍA JOSÉ FDEZ. DE SANMAMED MANEIRO

**ILUSTRACIONES:**

CARLOS RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

**MATERIAL GRÁFICO:**

REAL ACADEMIA GALEGA

FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL



FEP Fundación  
Eduardo Pondal



O poeta Eduardo Pondal nace o 8 de febreiro do ano 1835 en Ponteceso.

Os seus pais, Xoán e Ánxela, naceran en Laxe, pero emigraron a Arxentina. Ao volver a Galicia en 1820, instálanse en Ponteceso, onde fan unha casa á beira do río Anllóns.

Eduardo era o máis novo de sete irmáns, dos cales, cinco eran mulleres e dous homes. Ao morrer a súa nai sendo el moi pequeno, queda a cargo das cinco irmás mulleres.

Vai á escola en Nemiña, onde un parente cura, don Cristóbal de Lago, é quen lle aprende matemáticas, lingua e un pouco de grego e latín.

Vai estudar o Bacharelato a Santiago de Compostela e despois estuda Medicina. En Santiago xuntábase no «Liceo de la Juventud» con escritores como Rosalía de Castro, Manuel Murguía ou Aurelio Aguirre.

O 2 de marzo do 1856 tivo lugar o Banquete de Conxo, un acto de confraternización entre obreiros, artesáns e estudantes. Todos xuntos compartiron mesa. Os estudantes, dunha clase social elevada, serven a obreiros e artesáns como símbolo de respecto e igualdade. Ao banquete asiste Eduardo Pondal, o cal recitou 68 versos que levaban por título Brindis, onde falaba da igualdade dos homes. Isto case lle custa ser deportado ás Illas Marianas.

Cando acaba de estudar traballa de médico durante uns tres anos; primeiro como médico da Armada e despois saca unhas oposicións para médico da Sanidade Militar.



Eduardo Pondal aos 75 anos  
(Arquivo Real Academia Galega)



En 1864 deixa o traballo de médico e adícase só a escribir. Vive en Ponteceso pero vai moito á cidade da Coruña, onde forma parte de varias tertulias como «A cova Céltica» na Librería Carré ou o «Círculo de Artesanos».

O seu libro máis coñecido é «Queixumes dos Pinos», que publicou no ano 1886. Unha parte dun dos seus poemas chamado «Os Pinos» é a letra do himno galego. Outro dos seus libros máis coñecido é «Os Eoas», que se publicou no ano 2005, cando xa non estaba vivo.

Foi membro numerario da Real Academia Galega e en 1910 a Academia de la Poesía Española noméao membro honorario.

Morre no Hotel «La Luguesa» na cidade da Coruña o 8 de marzo do ano 1917. Alí está enterrado no cemiterio de San Amaro.

En 1965 foille adicado o Día das Letras Galegas.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria promoverá que se declare o ano 2017 como Ano de Eduardo Pondal.


Eduardo Pondal:  
O himno galego



Colectión Clásicos Xovenís,  
Xenios Galegos

Trymar

Numerosas publicacións estudan a obra de Pondal e nomeadamente a letra e historia do noso himno.



Manuscrito de Eduardo Pondal coa letra do que sería o Himno Galego.  
(Arquivo RAG)

A crossword puzzle grid with 10 empty squares. The grid is 10 squares wide and 10 squares high. The letters A, B, and C are placed in the top-left, top-middle, and top-right positions respectively. The numbers 1, 2, and 5 are placed in the bottom-left, bottom-middle, and bottom-right positions respectively.

**HORIZONTAIS:** 1.- SANTIAGO 2.- PONTECESO 3.- ANILLÓN 4.- CORUÑA 5.- SETE  
**VERTICAIS:** A.- PINOS B.- MARZO C.- CONXO

- 1.- Cidade na que estudou medicina.
- 2.- Concello coruñés no que naceu Eduardo Pondal.
- 3.- Nome do río que está a carón da casa de Pondal.
- 4.- Cidade na que morreu Eduardo Pondal.
- 5.- Número de irmáns do poeta.

A.- Árbore que aparece no título do poema que dá letra ao himno galego.  
B.- Mes no que morreu Eduardo Pondal.  
C.- Lugar onde tivo lugar o banquete no que participou Pondal.

2.- Ordena cronoloxicamente os seguintes feitos da vida de Eduardo Pondal.

**COMEZOU A TRABALLAR COMO MÉDICO.**

**NACE EN PONTECESO O 8 DE FEBREIRO DO ANO 1835.**

**FORMA PARTE DE VARIAS TERTULIAS NA CORUÑA.**

**NO ANO 1856 PARTICIPA NO «BANQUETE DE CONXO».**

**ADICOÚSELLE O DÍA DAS LETRAS GALEGAS EN 1965.**

**ESTUDA O BACHARELATO EN COMPOSTELA.**


**QUEDA A CARGO DAS SÚAS CINCO IRMÁS.**

- 1.-
- 2.-
- 3.-
- 4.-
- 5.-
- 6.-
- 7.-

3.- Pinta de verde as profesións de Eduardo Pondal e de vermello as restantes.




4.- Crebacabezas. Compón este crebacabezas da casa de Eduardo Pondal á beira do río Anllóns.






# POLO BAIXO CANTANDO



## TERCEIRO e CUARTO

Polo baixo cantando,  
o bo bergantiñán  
coa aguillada ó lombo  
e garboso ademán,  
que a Ponte-Ceso leva  
en noite de luar  
grave o carro de táboas,  
anteposto quezais;  
por cousas que no explica,  
dun fondo e vago afán,  
mil escuras suidades  
ceibando os ecos vai;  
e da patria a punxente servidume  
parece recordar.



1.- Que facía o bo bergantiñán?

2.- Que leva ao lombo?

3.- A que lugar vai?

4.- Que palabra do poema rima con bergantiñán?

Pensa noutras dúas palabras que tamén rimen con bergantiñán.



5.- No poema de Pondal di «en noite de luar», que significa iso?  
Arrodea a resposta correcta e colore a debuxo verdadeiro.

NOITE CON LÚA CHEA

NOITE SEN ESTRELAS

NOITE CON LÚA NOVA

NOITE CON ORBALLO



6.- Os xentilicios son palabras que serven para dicir de onde é unha persoa.  
O poeta usa o xentilico «bergantiñán» no poema para referirse ao habitante de Bergantiños.

Saberías escribir ti os xentilicios correspondentes a estes lugares?

GALICIA ►

IRLANDA ►

PONTECESO ►

INDIA ►

ESPAÑA ►

MARRUECOS ►



7.- No texto fala dunha noite de luar. A lúa ten catro fases que son... Coloca cada fase no seu sitio e coloreala.

**LÚA MINGUANTE**

**LÚA NOVA**

**LÚA CRECENTE**

**LÚA CHEA**



8.- Localiza no texto tres adxectivos en masculino singular e tres substantivos en feminino plural.

**MASCULINO SINGULAR**

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

**FEMININO PLURAL**

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_


\_\_\_\_\_

9.- O bo bergantiñán leva carga ao lombo.

Atopa nesta sopa de letras o nome de sete partes do corpo e coloca cada nome onde lle corresponda.

L	P	A	M	P	E	I	T	O
F	R	D	B	E	I	Z	O	S
O	L	L	O	S	V	Q	F	Z
G	I	N	O	C	E	L	L	O
P	U	L	S	O	P	T	P	S
N	A	R	I	Z	R	D	E	B
Z	U	X	E	O	N	L	L	O
F	H	O	B	P	X	C	V	B
C	O	B	A	D	O	A	Q	R

BEIZOS CÓBADO XEONILLO NARIZ OLLOS NOCELLO PULSO



# TERRA DE BERGANTIÑOS

## TERCEIRO e CUARTO




- Ouh, terra de Bergantiños,  
roxa ó arar, nobre e testa,  
doce á vista desde lonxe,  
onde vin a luz primeira.

(...)

Aquela é a Ponte Dona, Zreo, Xaviña e Valencia,  
Corcoesto e Santa Baia,  
todas, todas, boa terra:  
a carballeira de Verdes,  
ben preto do río, é aquela;  
aquela é a torre de Traba, que desde lonxe branquea;  
os verdes de Coristanco  
e os altos pinos de Bértoa;  
e ti, castro antigo de Oca,  
ben te coñezo, entre a brétoma.

Ben te vexo, Bergantiños,  
desde o alto de Ferreira,  
cos teus trigos e os teus pinos.



1.- De que terra fala o texto?

2.- Como era a terra de Bergantiños desde lonxe?

3.- Onde hai unha carballeira?

4.- Que hai en Traba?

5.- Lugar que empeza por «X».

6.- Como son os pinos de Bértoa?

7.- O poema di que a terra de bergantiños é doce á vista. Cales destas cousas son tamén doces? Arrodea e colorea as correctas. Clasifica as outras segundo sexan amargas, salgadas ou ácidas/agrias.

CAFÉ MAGDALENA CHOCOLATE LIMÓN PIZZA PEIXE VINAGRE ALCACHOFA

**AMARGAS**

**SALGADAS**

**ÁCIDAS/ÁGRÍAS**

8.- O poema fala de sitios da bisbarra de Bergantiños. Contesta ás seguintes preguntas sobre algúns deses lugares.

1. De Traba a Bértoa hai unha distancia de 23 km. Se Eduardo Pondal fai cada día unha viaxe de ida e outra de volta, cantos quilómetros recorrerá durante unha semana?

2. Se Xaviña ten 349 habitantes e Santa Baia 292, cantos habitantes ten Xaviña máis que Santa Baia? E, cantos habitantes hai entre os dous lugares?



9.- No poema fala do trigo. O trigo é un cereal co que se fai o pan.  
Poderías ordenar o proceso para facer o pan? Recorta e coloca cada viñeta onde corresponda.

1





2

3

4

5


6







10.- A carballeira de Verdes está cruzada polo río Anllóns.  
Todos os ríos teñen varias partes. Coloca cada nome onde lle corresponda.

MEANDRO    DESEMBOCADURA    CURSO MEDIO  
CURSO ALTO    NACEMENTO    CURSO BAIXO









**Concello  
de  
PONTECESO**



**FEP Fundación  
Eduardo Pondal**



**Deputación  
DA CORUÑA**